

## Persoas beneficiarias

**Empresas** nas que concorran as seguintes circunstancias na data de inicio da actividade:

- Ser de nova creación.
- Viable (técnica, económica e financeira)
- Xerar emprego estable para persoas desempregadas.
- Ter domicilio social, fiscal e centro de traballo en Galicia.
- Ser promovida por un máximo de 5 persoas (sen persoas xurídicas).
- Como mínimo o 50% do capital debe ser titularidade de persoas promotoras e que sexan persoas desempregadas que creen o seu propio posto de traballo na empresa.



## Exclusións

- As persoas promotoras que, nos 3 meses anteriores a data de inicio da nova actividade, estivesen de **alta como persoas traballadoras autónomas**.
- Os postos de traballo indefinidos creados que, nos 3 meses anteriores á data de alta, **tivesen un contrato indefinido** en calquera empresa.
- As persoas ou empresas que **percibiran subvencións ao abeiro do programa de promoción do emprego autónomo, ILE ou IEBT** nos 3 anos anteriores ao inicio da nova actividade.
- As persoas promotoras que **percibiran subvencións ao abeiro deste programa** nos 3 anos anteriores ao inicio da nova actividade.

Quedan excluídas as **sociedades civís**, as **comunidades de bens**, as **cooperativas** e as **sociedades laborais**.

## Apoio á xeración de emprego estable\*

Contrato indefinido para persoa desempregada en xeral (incluídas as persoas promotoras) dende 1/08/2020 ata 31/07/2021

2.000 €

Contrato indefinido para persoa desempregada de longa duración, con discapacidade ou risco de exclusión dende 1/08/2020 ata 31/07/2021

4.000 €

+

Acumulables

25%

Muller  
Concello rural  
Persoa maior 45  
Emigrante retornado/a  
Persoa trans

Máximo: 10 contratos | 9.000 € por contrato

\* No caso de xornada parcial será a cantidade proporcional

## Apoio á formación

- Formación en funcións xerenciais ou específica da actividade.
- Para a persoa promotora que cree o seu posto de traballo estable.
- Por entidades públicas ou privadas.
- Finalizado dentro do período subvencionable.
- Só poderá solicitarse unha vez.

Ata 75%

do custo dos servizos recibidos

Límite: 3.000 €

## Apoio ao inicio da actividade\*

Por cada emprego subvencionable para persoa desempregada en xeral

2.000 €

Por cada emprego subvencionable para persoa desempregada de longa duración, con discapacidade ou risco de exclusión

4.000 €

+

Acumulables

25%

Muller  
Concello rural  
Persoa maior 45  
Emigrante  
Retornado/a  
Persoa trans

Máximo: 10 contratos | 9.000 € por contrato

\* No caso de xornada parcial será a cantidade proporcional

## Apoio á conciliación das persoas promotoras

- Ter descendentes menores de 3 anos, ou persoas a cargo con dependencia (grados I, II e III) ou con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%\*\*.
- Para a persoa promotora que cree o seu posto de traballo estable.
- Que sexa beneficiaria da axuda pola xeración de emprego estable.
- Familias monoparentais ou que o cónxuxe desenvolva actividade laboral.
- Desde os 3 meses anteriores ao inicio da actividade e ata o mes de xullo de 2021 (inclusive).

Ata 75%

do custo dos servizos de gardería e/ou coidadores, ou dos custos dos servizos en centros especializados no caso de persoas con dependencia ou discapacidade

Límite: 3.000 €

\*\* As axudas por gardería e por coidado de persoas con dependencia ou con discapacidade son compatibles entre si